

ORDENANZA FISCAL NÚM. 105**TAXAS POLOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS,
PREVENCIÓN DE RUÍNAS, DERIBAS, SALVAMENTOS E OUTROS
ANÁLOGOS.****ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derribas, salvamentos e outros análogos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Será obxecto deste tributo:

- a) A asistencia prestada no caso de incendios, ruínas, derribas, salvamentos e outros análogos, con persoal e material adscrito ó servizo municipal de que se trata.
- b) A utilización da escala de incendios para usos particulares.
- c) A utilización de alxibes para a subministración de auga, cando se utilicen para usos distintos ó da extinción de incendios.
- d) Pola asistencia do persoal do servizo a espectáculos públicos, cando fosen requiridos para iso.
- e) Calquera outra actuación prestada nos casos de ruínas, derribas, salvamentos e situacóns análogas, para os que fose requerido para iso o persoal do servizo.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

1. Constitúen o feito imponible deste tributo as actividades de prestación, ben sexa a solicitude de particulares interesados, ben sexa de oficio por razóns de seguridade ou prevención, sempre que esta prestación redunde en beneficio do suxeito pasivo, dos seguintes servizos:

- a) Extinción de incendios de toda clase, realizada polo servizo municipal con persoal e material deste.
- b) Prevención de incendios, ruínas e outros riscos graves e inminentes para persoas e bens.
- c) Auxilios, salvamentos e recuperacións de persoas e bens con ocasión dos servizos sinalados nos puntos anteriores ou doutras situacóns de perigo como afundimentos, asolagamentos, explosións, derribas e cando o soliciten os interesados.

- d) Traballos de asesoramento e asistencia en labores de prevención, plans de emergencia, de autoprotección, de seguridade e similares, co desprazamento de recursos humanos e medios materiais afectos ó servizo municipal.
- e) Reforzos de prevención por iniciativa privada e outros servizos preventivos, tales como os ocasionados por eventos, espectáculos públicos, concentracións humanas (feiras, concertos, etc.) e reténs preventivos de fogos artificiais.
- f) Prestación de servizos ou materiais para usos ou actos de iniciativa privada.
- g) Prestación de servizos de formación e adestramento por parte do persoal do Servizo, así como a utilización das instalacións propias do Parque de Bombeiros.

2. Será obligatoria a prestación dos servizos nos casos de risco grave e inminente conforme ó dispuesto na normativa urbanística, de policía e protección civil e cando as autoridades competentes así o determinen por razóns de seguridade pública.

3. A obliga tributaria xorde da utilización ou prestación dos servizos devanditos, o devengo prodúcese coa orde de intervención ou a requerimento dos interesados, aínda que non o solicitase persoalmente o suxeito en situación de perigo na súapersoa ou bens.

4. Non estarán suxeitos a esta taxa os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio, ou nos casos de calamidade ou catástrofe pública.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES.

1. Serán contribuíntes deste tributo, respondendo solidariamente, as persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que estén nalgún dos supostos seguintes:

- a) Os solicitantes do servizo que resulten especialmente beneficiados por el, sexan alugueiros, posuidores ou ocupantes dos lugares ou bens nos que se produza o risco motivador.
- b) Os donos ou propietarios dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador, cando os informes técnicos amosen que non estaban dotadas das debidas condicións de seguridade para prever e atenuar o sinistro, agás se este fose causado por culpa ou neglixencia dun usuario.
- c) As persoas causantes do risco ou sinistro que pola súa actuación ou neglixencia obriguen á prestación do servizo.

2. Serán substitutos do contribuínte nesta taxa, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco. No caso de que o inmoble ou o ben non se encontre asegurado, será substituto do contribuínte o propietario daquel.

3. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 42.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala no artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 4º. INTERVENCIÓN FÓRA DO TÉRMINO MUNICIPAL

1. A actuación dos servizos municipais ven determinada e limitada polo seu ámbito territorial e competencial, o espacio no que se poden e deben prestar os servizos, que é o término municipal.

2. A organización e os medios materiais e humanos de que dispón o Servizo Municipal de Extinción de Incendios de Lugo están diseñados e dimensionados en función do territorio e a poboación de Lugo, e a actuación habitual fóra dos parámetros anteriores supón un serio risco para a poboación de Lugo.

3. Segundo o anterior, o Servizo Municipal de Extinción de Incendios con carácter xeral e habitual non intervirá fóra do término municipal de Lugo, agás supostos puntuais debidamente ponderados en cada caso, e que en ningún caso servirán para suplir a responsabilidade e competencia doutra administración ou doutras institucións, ou para invadir o campo de actuación de empresas privadas.

4. En todo caso, as intervencións fóra do término municipal quedarán supeditadas ás disponibilidades reais do servizo e, previo requerimento das autoridades competentes, poderase acudir a un sinistro localizado noutro concello da zona, sempre e cando o Sarxento do Servizo de Extinción de Incendios de Lugo estime que a cidade queda atendida cos mínimos suficientes.

5. Serán responsables solidariamente das taxas devengadas o Concello respectivo e o propietario do lugar sinistrado.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS

Gozarán de exencións subxectivas destas taxas aqueles contribuíntes que obteñan ingresos anuais inferiores ó salario mínimo interprofesional, excepto nos casos de requerimento polo interesado do servizo de coche-escala para abrir portas.

ARTIGO 6º. BASE DO GRAVAME E TARIFAS

1. Constituirá a base do gravame:

- a) O tempo investido de toda clase de persoal que interveña no servizo.
- b) A utilización do material empregado, medios e instalacións.

2. As cotas determinaranse aplicando á base a seguinte tarifa:

- a) Persoal

| | VALOR HORA | VALOR HORA EXTRA | VALOR HORA FESTIVA |
|-----------|------------|------------------|--------------------|
| Saxento: | 17,13 € | 17,13 € | 27,40 € |
| Cabo: | 17,05 € | 17,05 € | 27,28 € |
| Bombeiro: | 16,49 € | 16,49 € | 26,38 € |

b) Ademais satisfaranse as seguintes cantidades por utilización do material:

| | Pola primeira hora ou fracción | restantes períodos de hora ou fracción. |
|--|--------------------------------|---|
| 1. Autobomba (coche Pegaso equipado con escalaera, tanque e bidóns de espumoxeno ou vehículo nodriza): | 63,65 € | 38,01 € |
| 2. Vehículo urbano pesado (BUP): | 84,61 € | 51,65 € |
| 3. Furgón de útiles: | 31,26 € | 31,26 € |
| 4. Autobombas carroceras: | 63,65 € | 38,01 € |
| 5. Autobomba (BUL) con equipamento e rescate: | 84,61 € | 51,65 € |
| 6. Motobomba (gasolina): | 5,15 € | 5,15 € |
| 7. Motobomba (gasóleo): | 6,59 € | 6,59 € |
| 8. Escalaera "magirus": | 98,42 € | 49,18 € |
| 9. Unidade transporte de persoal: | 18,75 € | 18,20 € |
| 10. Cada peza de mangueira de 15 metros, calibre 70 mm: | 6,13 € | 6,13 € |
| 11. Ídem de 45 mm: | 2,47 € | 2,47 € |
| 12. Ídem de 25 mm: | 2,27 € | 2,27 € |
| 13. Motoserra: | 8,19 € | 8,19 € |
| 14. Extractor de fumes: | 16,38 € | 16,38 € |
| 15. Equipo de desencarceramento: | 40,89 € | 40,89 € |
| 16. Xerador de alta expansión: | 6,59 € | 6,59 € |
| 17. Electrobomba para achicar: | 4,94 € | 4,94 € |
| 18. Xerador eléctrico: | 11,43 € | 11,43 € |
| 19. Cámara de infravermellos: | 15,24 € | 15,24 € |
| 20. Reenchido de botellas de aire respirable (botella): | | 4,12 € |

O espumoxeno, os extintores ABC e de CO₂, o absorbente e o dispersante consumidos, aboaranse segundo a tarifa vixente.

c) Nos casos de aluguer da mangueira, as tarifas recargaránse nun 100%.

d) Nas intervencións realizadas fóra do termo municipal de Lugo a cota incrementárase nun 100% e devengaranse ademais 0,92 €/km por vehículo utilizado.

e) Nas intervencións ordenadas ou solicitadas para derribamentos e auxilios nos casos de ruína inminente dun edificio ou parte del, con grave urxencia e perigo, incrementárase a cota nun 100%.

f) Nas extincións de incendios nos locais que teñan substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidade ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, as cotas incrementaranse nun 100%.

g) En xeral, as taxas liquidadas por extinción de incendios en locais comerciais ou industriais sufrirán unha recarga do 50%.

h) Pola emisión de informes técnicos do servizo 75,29 €

i) Polo informe de actuación do servizo 54,38 €

ARTIGO 7º. DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando saia do Parque Municipal de Bombeiros a dotación correspondente, momento en que se inicia, para todos os efectos, a prestación do servizo.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

De acordo cos datos que certifique o Parque Municipal de Bombeiros, os servizos tributarios deste Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos sinalados pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 9º. INFRACCIONES E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a esta correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente neste texto será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes do réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Así mesmo, serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa⁷.

⁷ O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 1 de decembro de 2015, para rexer a partir do día da súa publicación (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 51 do 3/03/2016).